



Sr. Alcalde Presidente
do Concello de Vigo

PAGAMENTO DOS PREZOS XUSTOS POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS
BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO LMTS TRO714 E CT
FERRADURA. IN407A 2023/457-4

De conformidade co disposto no artigo 49 do decreto de 26 de abril de 1957 que aproba o regulamento de expropiación forzosa, esta dirección territorial resolveu sinalar o día **27 de marzo de 2026**, ás **13 horas**, para o pagamento dos prezos xustos determinados polo Xurado de Expropiación de Galicia, nas dependencias da Axencia de Urbanismo do Concello de Vigo, nas que serán convocados todos os afectados mediante comunicación individual por parte desta dirección territorial. Informámoslle, así mesmo, que o citado artigo dispón a presenza do alcalde e do secretario do concello neste acto.

Para poder realizar o pagamento das expropiacións, solicitamos que se publique a resolución de afectados no taboleiro de anuncios da casa do concello e se nos asigne unha sala para este fin.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)





Resolución do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado LMTS TRO714 e CT Ferradura, no Concello de Vigo, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A.. IN407A 2023/457-4

O Xurado de Expropiación de Galicia notificou aos interesados, á empresa beneficiaria da expropiación e a esta directora territorial os acordos que determinan os prezos xustos polo establecemento das servidumes de paso nas fincas que se citan na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957, resolvo sinalar o día 27 de marzo de 2026, ás 13 horas, nas dependencias da Axencia de Urbanismo do Concello de Vigo como lugar de convocatoria para o pagamento dos prezos xustos das fincas situadas nese concello.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante deste Departamento Territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropiados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorran e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao alcalde do Concello de Vigo para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e notificada individualmente aos afectados.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular
1	5765970NG2756N0001OB	Lavadores	Descoñecido

